

# Moa Radial



Accede a esta  
ficha e descárgaa  
noutras linguas  
cooficiais e  
estranxeiras



## Antes de empregala máquina comproba que:

O disco se  
atopa en boas  
condicións.

Utilízase a chave  
correspondente  
para apertar  
e afrouxar os  
discos.

A zona de  
traballo está  
acoutada.

A roupa  
non está  
esfarrapada ou  
solta, nin levas  
o cabelo ceibo,  
nin colgantes,  
pulseiras ou  
aneis.

O disco entra  
sen forzalo  
nin deixando  
espazo de máis.

Non a  
empregues preto  
do material  
inflamábel ou  
explosivo.

As superficies  
dos discos,  
xuntas e pratos  
de suxeición  
están limpas de  
calquera corpo  
estraño.

As indicacións  
que figuran  
no disco,  
corresponden  
ao uso que se  
lle vai dar.

Dispón da garda  
na metade  
superior do  
disco e está  
en perfectas  
condicións.

## En canto ao manexo:

Empregaa só se estás capacitado/a e autorizado/a.

Asegúrate de que ningunha persoa permanece preto da operación.

Utiliza sempre a carcasa protectora.

Empregaa sempre coas dúas mans.

Non suxeites as pezas coas mans ou cos pés (emprega elementos de suxeición).

Evita os sobreesforzos do disco.

No posible, mantena por baixo o nivel dos ombreiros.

Non a uses baixo os efectos do alcol nin outras drogas.

Emprega os EPI necesarios, cando menos:



protección ocular



protección auditiva



luvas anti-corte



máscaras con filtro



calzado de seguridade

## Ao rematar o traballo:

Espera a que o movemento de inercia do disco deixe de xirar antes de deixar a moa.

Desenchufala da correne cando non a esteas empregando e especialmente ao cambiarlo disco.

Non toques o disco despois de finalizar os traballos.

Asegúrate de que as operacións de mantemento e reparación só se realizan por persoal cualificado e autorizado.

Non a deixes nunha área accesible a persoas alleas á obra.

Para máis información en relación á verificación de maquinaria accede

